



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Mesa Formación Continua

Como xa anunciabamos nunha nota informativa anterior a AEAT demostranos de novo que non lle interesa a formación dos seus traballadores. Non podemos entender como é posible que non teñan en conta as opinións dos traballadores da casa respecto ao fracaso dos cursos "e-learning", nin respecto ás enquisas sobre a valoración dos cursos e que non se ofrezca unha formación acorde as esixencias do noso persoal. De todas as propostas que presentamos, os responsables de Formación non atenderon nin a primeira, máis ben nin se molestaron en facer algún intento de atendelas. Parece que o único que interesa é cobrar os cartos do MAP para facer os cursos sen preocuparse por dar unha boa formación aos seus traballadores.

Con este panorama, ningunha organización sindical prestou a súa conformidade á proposta da AEAT polo que, por primeira vez en moitos anos, queda sen asinar o acordo de Formación Continua.

Achegamos, coa nota informativa, o escrito presentado pola CIG coas propostas para incluír no "fracasado" Plan de Formación Continua 2010.

Graciñas a todos os que fixéstedes suxestións para que as leváramos á Mesa de Formación, nós intentámolo, pero con esta xente non se pode facer máis...

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM